

Declaración institucional do Banco de Alimentos

Na actualidade España vive unha das maiores crises sanitarias que se lembra, probablemente a máis grave da súa historia recente, como consecuencia da pandemia global provocada polo Covid-19, que está a provocar unha crise social e económica cuxos efectos ameazan con ser devastadores, poñendo en serio risco a continuidade de centos de miles de pequenas e medianas empresas, negocios familiares, traballos autónomos e postos de traballo por conta allea.

Dende a Deputación da Coruña mostrouse, dende o primeiro momento, a sensibilidade social que require esta situación.

En concreto, a apoio cos Bancos de Alimentos da provincia de A Coruña foi moi importante, tanto como requiría a situación, poñendo á súa disposición recursos económicos en plena pandemia destinados a paliar a necesidade das persoas máis vulnerables facendo posible a adquisición de alimentos.

As peticións de axuda a estas organizacións aumentan cada semana, cada vez un número importante de familiar acoden a solicitar información para poder adquirir produtos que precisan para a súa alimentación diaria.

Estímase que a demanda durante a crise do coronavirus aumentou polo menos un 30%. A presión sobre as organizacións de repartición de alimentos mantense hoxe en día, e nesta segunda onda desta crise, ademais de aumentar de novo o número de persoas atendidas, incrementa a precariedade dalgunhas persoas que xa se atopan baixo o limiar da pobreza, polo tanto, hai máis demanda de alimentos que procede tamén dunha difícil situación laboral.

Ante a situación anteriormente descrita, esta Deputación incrementa a súa aporta económica no presuposto de 2021 para esta finalidade.

Valoramos e recoñecemos a necesidade real existente e a tremenda labor humanitaria e social que en momentos tan delicados están a desenvolver na provincia de A Coruña coas persoas máis vulnerables os Bancos de Alimentos e por iso en ningún momento o ente provincial os deixará desatendidos e incrementará, en caso de ser necesario, as partidas destinadas a este fin dos Bancos de Alimentos.